

**CONCELLO DE MEIRA**

CIF:P2702900H

Praza do concello, s/n

27240 Meira

Lugo

Teléf.: 982 330 102

Fax: 982 104 090

Enderezo electrónico: [concello.de.meira@eidolocal.es](mailto:concello.de.meira@eidolocal.es)

**BANDO**

**II PLAN RESCATE AUTÓNOMOS E MICROEMPRESAS AFECTADOS POLA COVID19**

O xoves día 18 de febreiro de 2021 saíu publicada no DOG a orde da Consellería de Emprego e Igualdade sobre o II Plan de rescate das persoas traballadoras autónomas e das microempresas afectadas pola crise da COVID-19 para faceren fronte á situación económica.

**BENEFICIARIOS**

**Programa I. Autónomos.**

-Autónomos de alta no RETA ou no réxime de traballadores do mar por conta propia, incluídos os autónomos societarios, que teñan unha alta anterior ao 30.3.2020 e que acrediten unha baixada de facturación de, polo menos, o 45 % .

-Autónomos de tempada, que estivesen de alta un mínimo de 4 meses e máximo de 9 meses, en cada un dos anos 2018 e 2019.

**Programa II. Microempresas:**

- Microempresas e persoas traballadoras autónomas, sempre que teñan persoal contratado, que tivesen unha baixada de facturación de, polo menos, o 45 %.

- Empresas que teñan ata 25 persoas traballadoras e o volume de facturación non sexa superior a dous millóns de euros no último ano en que se presentasen contas e acrediten un descenso de facturación superior ao 60 %.

**CONTÍA DA AXUDA**

**Programa I. Autónomos**

O importe da axuda está condicionado ao descenso de facturación experimentado no ano 2020 respecto ao do ano 2019:

- 1.200 € para as persoas que acrediten unha baixada de facturación entre o 45 % e o 60 %.

- 2.000 € para as persoas que acrediten unha baixada de facturación de máis dun 60 % e de menos do 70 %.

- 3.000 € para as persoas que acrediten unha baixada de facturación igual ou superior ao 70 %

Para as persoas autónomas de tempada, os importes da axuda serán o 50 % das cantidades indicadas anteriormente.

**Programa II. Microempresas**

- 4.000 € para as persoas ou entidades que acrediten unha baixada de facturación de entre o 45 % e o 60 %.

-5.000 € para as persoas ou entidades que acrediten unha baixada de facturación de máis dun 60 % e de menos do 70 %.

- 6.000 € para as persoas ou entidades que acrediten unha baixada de facturación igual ou superior ao 70 %

Estas cantidades poderán incrementarse ata 3.000 € en función do número de persoas traballadoras contratadas no momento da publicación da orde.

**PRAZO DE SOLICITUDES:**

O prazo de presentación de solicitudes será de **UN MES** contado a partir do día seguinte ao da publicación de dita orde.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local nos teléfonos 982 34 62 22/982 33 36 01.

Meira, 22 de febreiro de 2021.

O Alcalde

